

DESPEDIMENTOS SILENCIOSOS

MÁIS DE 100 PROFESORES CONTRATADOS PODEN SER DESPEDIDOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Estanse a producir regularmente, dun xeito imperceptible, anunciado, reunión tras reunión. Só de vez en cando alguén presta o seu correo electrónico ou dá a cara para facernos partícipes do berro desesperado dalgún profesor ou profesora que está a sufrir esta inxustiza. As decisións estanse a tomar na intimidade dos departamentos, sen armar rebumbio, persoa a persoa, intercalados no tempo: cinco o mes pasado, tres mañá e seis máis, a semana que ven. Só cando pase o tempo e sumemos tódolos casos darémonos conta da verdadeira dimensión deste problema. Decatarémonos, daquela, que na Universidade de Vigo asistimos, calados e indiferentes, a unha reconversión salvaxe que está a estragar o ben máis valioso que temos, o capital humano. O caso é que si estes traballadores e traballadoras tiveran un contrato laboral o que aquí se está a facer se lle chamaría despedimento colectivo, tal e como especifica o artigo 51 do Estatuto dos Traballadores (30 traballadores en empresas que ocupen 300 ou máis traballadores). Non obstante, as nosas autoridades académicas para non alarmarnos e disimular a gravidade do que están facendo chámanlle "non renovacións".

¿Pero, quen é o patrón que está a cometer tamaña inxustiza?

Analicemos este asunto por partes. En primeiro lugar o rector, el é o máximo responsable de que non se producira a necesaria - e obrigatoria - negociación sindical, malia comprometerse a facela, ignorando as repetidas peticións dos sindicatos. Tamén o é porque os despedimentos son o resultado dunha acción de goberno ben estudada de aforro de custes que establece uns cálculos de carga docente irrealis que non responden a un cadro de persoal magnificado coma se nos intenta convencer. É tamén responsable por non tomar medidas para evitar as purgas que se están a facer en moitos departamentos.

En segundo lugar o Consello de Goberno da Universidade de Vigo. A maioría do Consello de Goberno que é fiel o rector e sigue os seus dictados tamén é responsable. O rector executa o que aproba o Consello de Goberno. Os despedimentos son obra, así mesmo, de importantes representantes dos distintos estamentos da universidade representados aí representados. ¿Podería esperarse outra actitude dun órgano que expulsou do seu seo os sindicatos para que, entre outras cousas, non fosen testemuñas directos destas tropelías ?

Pero, sigamos tirando do fío e intentemos chegar ata o final. O rector Docampo e o Consello de Goberno non son os únicos responsables. Os que deciden, previamente, qué profesores e profesoras sobran son as maiorías dos Consellos de Departamentos, a partir do método de cómputo decidido polo rector. Non se coñece ningún posicionamento público de algún departamento que saíse en defensa do seu cadro de persoal, nin moito menos que cuestionase esta política arbitraria. Polo tanto podemos concluír que os despedimentos de profesorado son tamén o proxecto do conxunto dos departamentos.

O que sucede nos departamentos.

Os departamentos, cincuenta reinos de taifas onde uns traballadores/as poden decidir a perda de traballo doutros/as. Na intimidade, coa máxima reserva e impunidade, ó abrigo da decisión da maioría, agochados uns nos outros. Deixando a un lado os principios constitucionais de igualdade, capacidade e mérito. Aproveitando a oportunidade para cobrar vellas e inconfesables facturas, para ventilar outros asuntos, para desfacerse, se acaso, do/a que sabe máis, do/a que máis méritos ten, non vaia a ser que nos fagan sombra. Para facerlles pagar todo aquilo que imos apuntando, na convivencia de tódolos días, no libro do debe e do haber. Tribunais sumarios nos que os/as sinalados/as case que non teñen quen os defenda, porque, coidado, o que se mova non sae na foto ou lle manda o motorista ¿lembran o método?. En fin, un formidable exemplo de covardía moral colectiva que nos pasará a todos/as factura.

O que aquí esta a pasar non sucede en ningunha outra universidade.

En todas se está a facer grande esforzos para consolidar o persoal existente e están a demostrar que hai solucións viables para conseguilo. E todas teñen un contexto similar ó noso: descenso de alumnado, dificultades para aplicar a LOU e queixas, así mesmo, polo escaso financiamento. O problema, en realidade, ven dado pola política universitaria que aquí se está a aplicar. Se nas outras universidades a prioridade é o cadro de persoal e ándase na procura de aforrar recursos en todo o demais para non poñelo en perigo, na nosa institución o son as grandes e magníficas obras, pulsión incontrolable para un rector con ambicións como Docampo. Se naquelas se buscan grandes consensos coas centrais sindicais para abordar o reto da adaptación do profesorado contratado ás figuras da LOU, aquí se lle ningunea ata extremos insultantes, porque poden poñer en perigo esa política.

A estas alturas xa todos sabemos que a LOU non tiña, entre os profesores funcionarios tantos inimigos como parecía, especialmente dentro dos máis conservadores. Pero naquel intre era un suicidio político apoiála publicamente. Pola contra, crítica era apostar ó cabalo gañador, tanto si se impedía a súa aprobación coma se non. Docampo tiña esto moi claro e non dubidou poñerse ó fronte das protestas para conseguir a súa reelección. A xogada saíulle ben, só os máis incautos podían seguir pensando que o actual rector ía loitar para evitar os efectos máis perversos da LOU e comprometerse a fondo para revertir moitos aspectos negativos desta lei, aproveitando os espazos que o lexislador lle deixou, que son bastantes máis do que semella.

Agora, a decepción é enorme e non sen motivos: a sinalada eliminación dos sindicatos do Consello de Goberno, os 55 profesores despedidos o curso pasado, os novos estatutos impostos co rodillo da súa maioría... son sinais que confirman que Docampo soñaba con unha lei así porque lle permite gobernar sen os filtros democráticos que tiña a LRU e é o instrumento axeitado para conseguir os seus fins. Nin que dicir ten que conseguir o poder universitario por métodos democráticos é lexítimo. Pero é unha estafa ampararse nas expectativas dunha grande parte da comunidade universitaria para, unha vez conseguido o cargo de rector, facer o contrario.

A postura sindical

Nesta situación o papelón que está a desenvolver a CIG, un dos chamados sindicatos de clase, é digno de estudio. O silencio e a indiferencia que están a mostrar en todo este asunto é un escándalo. Non é fácil apoiar de xeito incondicional a política de Docampo sen claudicar das obrigas sindicais. É máis comprensible a actitude da AGPTU, estes son corporativistas so defenden os titulares de universidade, levan a insolidariedade no seu nome, non enganan a ninguén, andan ó que andan, son coma os pilotos do SEPLA ou os maquinistas da RENFE, pero a CIG... semella que lles importa máis defender os intereses do equipo de goberno que os dereitos laborais dos/as traballadores/as.

O que está a decidir o teu voto

Volvendo ó que máis nos preocupa, ás decisións que se están a tomar nos distintos Consellos de Departamento, é presido lembrar, e se acoso comezar a berrar por tódalas dependencias dos tres campus, que tódolos traballadores/as teñen dereitos e que ningunha votación, por moi democrática que sexa, llos pode negar.

O teu voto non pode ser a coartada para despedir a compañeiros e compañeiras. Non o permitas. Esixe que antes de tomar calquera decisión no consello se produza a obrigatoria negociación sindical. Mostra a túa solidariedade cos traballadores/as afectados/as non participando no seu despedimento.

**¡NON ÓS DESPEDIMENTOS DO PROFESORADO CONTRATADO NA
UNIVERSIDADE DE VIGO!
¡SI A NEGOCIACIÓN SINDICAL!**